

I
ESTIRPE

A ovella negra

En todas as familias hai sempre unha ovella negra. Na miña, como non podía ser doutra maneira, tamén. De feito, a prima Concha foi, desde que teño memoria e uso de razón, o centro de moitos dos comentarios reservados que se facían polo baixo nos asiduos conclaves dos Pereira. Quer nas multitudinarias e tumultuosas ceas de nadal, quer no velorio dalgún parente achegado, ou nos prolongados xantares colectivos do verán, cando se celebraban as festas do Carme na casa da avoa, rara era a ocasión en que os maiores non buscasen o momento máis acaído para se segredaren, con voz moi queda e negando desaprobatoriamente coa cabeza, as últimas falcatruadas das que había noticia recente e nas que a prima Concha era elevada sempre á categoría de indiscutíbel protagonista, mesmo aínda que a súa participación nos feitos censurados chegase a ser considerada dúbida, anecdótica ou simplemente tanxencial. Ela estaba alí e se non era a executora material da ensarillada, o máis seguro

é que fose culpábel por instigación, ou se cadra se non o fixera en persoa fora porque non dera chegado a tempo ao lugar dos feitos, que, coñecéndoa, por falta de vontade certamente non había ser.

Xa que logo, se non era vero, era ben trovato, e como a priori a prima Concha encarnaba o mal por antonomasia, o veredicto non daba pé a ningún outro considerando e o xuízo sumarísimo deviña sen remedio en sentenza condenatoria inapelábel. A moral colectiva do clan, orgullosa, rigorosa, activa e até extremos inverosímiles inflexíbel, reafirmábase a conta dela nos valores partillados polo sentido común imperante, sempre liderados pola verba sólida e contundente da avoa, e polos principios máis carcas e retrógrados provenientes da noite dos tempos.

Nin que dicir ten que nós, os máis cativos, así que o volume da voz se reducía e as cabezas dos maiores facían o posíbel por se xuntar, arrimabamos a orella todo o que dabamos para tentarmos captar algo da cobizada información, para despois, pola nosa banda, acabar contándonos agachados nalgún recuncho da casa aquel tesouro de disques e de seicas que fomos quen de lles roubar aos adultos sobre as andanzas daquela curmá nosa, desafecta por natureza, díscola por sistema e por excelencia rebelde.

Deste xeito, a prima Concha, filla maior de meu tío Sesó, terceiro irmán de meu pai por orde de nacemento, fora adquirindo co paso dos anos unha dimensión mitolóxica e case diabólica nas nosas inmaculadas consciencias de descendentes ben guiados, de fillos modélicos que naquelas xuntanzas cíclicas competían entre si exhibindo sen pudor o número de

sobresalientes conquistados durante o curso e os avances mne-
motécnicos en materia de xeografía hispánica, nomeadamente
ríos e afluentes, fábulas de Samaniego, celebradas polo seu
benéfico contido didáctico, e as poesías máis sonadas e mani-
das de Gustavo Adolfo Bécquer e Espronceda. Resulta obvio
que a avoa, líder espiritual da grei, do que máis gostaba era
daqueles poemas. Entrelazaba os grosos dedos das súas mans
de peixeira vella e fechaba os ollos de pracer con aquelas rimas
ripiosas que os seus netos mal declamabamos de corrido, por
veces –moitas veces– ignorando o significado das palabras que
memorizabamos porque o que realmente nos importaba era só
o seu impacto eufónico nos ouvidos da audiencia. Era así, non
había outra. Os Pereira, estirpe humilde de mariñeiros e car-
pinteiros de ribeira, buscaban na satisfacción que lles producía
aquela ostentación erudita dos menores ese punto de elevación
e de progreso que non atinxían as súas escasas e resignadas
economías proletarias, forxadas co traballo a quiñón no mar,
nos serradoiros perdidos de terra dentro ou, como moito, nos
talleres de ebanistaría das cidades ás que emigraran, na procura
da arelada prosperidade económica que comezaba a uliscarse a
finais dos sufridos anos cincuenta. Aqueles alardes de memoria
infantil eran as únicas mostras de inmodestia que cotizaban
á alza na –por regra xeral– comedida e austera familia dos
Pereira. De feito, o resto era todo rigor franciscano e medida
circumspecta, todo taxado para non provocar odiosas envexas
nin comparanzas fraticidas entre os integrantes do clan. Nin
sequera sobre a roupa nova que de cando en vez estreabamos
nas festas os máis pequenos estaban ben vistos os comentarios
fachendosos das nais, proxenitoras e estoicas amas de casa que,

a un tempo e por arte de maxia, se convertían en rudimentarias economistas do sector téxtil, en habelenciosas modistas que copiaban nos patróns das revistas de moda os modelos máis novidosos, en virtuosas costureiras ocasionais que nos uniformaban aos cativos coa mesma peza de tea, como se fósemos cromos repetidos de diferentes tamaños, colocados en escaleira nas fotos por estrita orde de idade. Mais a nós, o que realmente nos incomodaba non era aquela militarización estética, senón a herdanza da roupa, cando aos irmáns e aos primos maiores lles ía quedando pequena, naquela especie de feira de ocasión anual en que aos implicados directos non se nos concedía nin sequera o dereito á queixa.

Concha, Concepción Pereira Carballo, Faneca Brava para a rapazada do seu tempo, nacera seis anos antes ca min naquela vila mariñeira onde ancoraban submersas as historias dos ancestros de toda a liñaxe familiar. A prodixiosa memoria da avoa Carme, que exercía como particular rapsoda pondaliana, convertíase no auténtico vademécum da saga, rigoroso até os límites difusos da verosimilitude, aínda que fose mesturando os nomes dos devanceiros cos das traíñas e os xeiteiros que foran de noso, adobiado todo cunha chea de apaixonados lances de amor e de casorios novelescos, que só se contaban con certa profusión de datos cando correspondían a familiares mortos e a épocas tan pretéritas que ningún dos vivos podía xa lembrar.

Como non será complicado deducir, os pequenos –e canto máis pequenos, con maiores doses de entrega, concentración e paixón– babexabamos ao redor da matriarca

cando nas demoradas sobremesas a avoa Carme comezaba a relatar os feitos míticos que envolvían a liñaxe dilatada dos Pereira. A estampa costumista é facilmente imaxinábel: as nais, como era de lei naquel tempo, na cociña, condenadas a limpar a louza e a recoller; os pais na mesa, sen se ergueren para nada, co cigarro bailando dun lado para outro da boca, sesteando ou botando a partida; e a avoa no medio de todos nós, sentada naquela vella cadeira de brazos de veludo verde que herdara do seu home, deleitándose co alento contido pola emoción que constataba nos rostros inocentes da nosa entregada concurrencia. Era así. Era tal que así:

—Mamá Carme, conte a daquel avó que matara un tiburón así de grande na boca da ría...

—Esa non, que xa a sabemos! —retrucaba algún outro neto por detrás, se cadra máis vello, farto da recorrente fazaña mariñeira, a saber cantas veces repetida—. Mellor conte a da tía de súa nai, aquela que nunha noite de defuntos fixera fuxir a pedradas a Santa Compañía...

—Conte, Mamá Carme, conte esa!

Algo había naquelas narracións da avoa que xa de neno me lembraban as radionovelas de Guillermo Sautier Casaseca, aqueles seriais que envolvían, pairando no ar, as tediosas tardes de inverno na miña casa de Santiago, cando con cara chorosa alegaba tose, ou febre, ou calquera outra cousa que me valese para quedar e non ir ao colexio, mamá reconcentrada nos labores da costura, ou aplicada coas agullas de calcetar na confección de eternos xerseis de la grosa que nunca se daban acabado e que a cada pouco había que probar, eu entrementes remoendo enfasiado cos deberes e

os copiados na mesa do comedor, a choiva crepitando como peteirazos nos cristais, o paso do tempo suspendido naquel reloxo de segunda man que cando había silencio vociferaba escandaloso nas paredes do salón uns segundos que a min me parecían eternos. Era certo. Había un estilo aprendido na avoa, un punto afectado, coa voz impostada, as pausas entre as frases, un non sei que na curva tonal que deixaba en suspenso a conclusión de cada capítulo, de cada entrega, como nas voces de Julio Varela e Matilde Conesa –nunca esquecerei eses nomes– en calquera dos infinitos capítulos da serie Ama Rosa, sempre a partir das cinco da tarde. Pois así, pouco máis ou menos, eran as narracións sobre a saga dos Pereira na estelar interpretación pseudorradiofónica de Mamá Carme.

Concha, Concha e a súa historia, por pura lóxica tendo en conta a censura moral e informativa a que era sometido todo o que tiña que ver con ela, e dada tamén a proximidade temporal da súa escasa biografía, a súa coetaneidade, pertencía daquela ao mundo das sombras ocultas, ao das referencias a rodapé, ao dos informes gardados baixo chave en carpetas clasificadas, por moito que os contornos da súa singularidade fosen resultar despois, mesmo pasado moito tempo, dificilmente difuminábeis, en especial para nós, os que daquela eramos os seus curmáns máis novos.

A súa primeira infancia pasouna nos escasos límites da foz que conformaba o peirao natural da vila, entre a casa da avoa, pegada mesmo ao comezo do areal da praia, e a escola que, no extremo oposto do arco natural, rexentaba

Da Remedios, unha mestra de carácter espartano e de titulación ignota, que martelaba obsesivamente nas cabezas da rapazada coas catro operacións aritméticas e as indixestas regras de ortografía do uve e do hache. Na casa, na súa, na que compartía cos pais, Concha só paraba para o compango da cea e para durmir, porque a xantar ía á da avoa, e só o tempo xusto para acalmar o verme da fame, que logo saía fungando para as súas trasnadas pola vila adiante. As mañás botábaas naquela escola, e as tardes, logo das clases, durmidas e estantías, diluíaa entre as barrigas estomballadas das dornas con cheiro a brea e sabor a sal, capitaneando unha mancha de rillotes que levaban o mar no sangue e na folla de ruta que tiñan debuxada xa daquela nas engurras marcadas das súas fronteas. Eu penso que a mestura daquel incipiente liderado primixenio e a dureza do salitre requeimándolle ao sol os labios e a inocencia forxaron o carácter rexo da súa infancia, a súa expresión hierática, parca sempre en palabras, e a maiores cunha arrogancia destemida, como se dunha corsaria pirata de novelas de aventuras se tratar. Nas pelexas a tumbas, non había rapaz que conseguise domeala, tal era a habilidade coa que a Faneca Brava xestionaba a escasa forza física do seu corpo delgadocho, e poucos eran os atrevidos que se arriscaban a ser vencidos dese xeito humillante por unha muller. No conxunto, a prima algo tiña da Pippi Calzas Longas que botaban na tele os sábados pola mañá.

A figura da tía Rosa, a súa nai, foi tamén para nós, os primos menores de Concha, unha prolongación máis das incógnitas que sementaba o proído da curiosidade pola nosa curmá maior. Nunca se levara moito coa familia do home

—nin tampouco moito coa súa, segundo o insidioso comentario que repetía decote Mamá Carme— e rara vez participaba nas reunións familiares ás que os Pereira eran tan afeitos. Seica era moi delicada de saúde e sempre estaba convalescente dalgún andazo ou encamada polas permanentes dores de cabeza que a mortificaban. Por non falar, dicía a avoa —claramente molesta con aquela nora que non se daba sometido ao seu tiránico ditado etario—, nin se relacionaba coas veciñas que vivían no barrio popular onde moraban, unha zona de expansión da vila vella onde as casas de planta baixa se apiñocaban sen orde nin concerto, orfas de calquera principio de planificación urbanística, sen saneamento, sen un triste farol, feitas sen máis papel oficial que o permiso para a construción dun galpón e, ás veces, nin sequera iso. Onde vivían afastábase máis dun quilómetro do centro da vila, o suficiente para marcar distancias coa área de influencia en que exercía o seu omnímodo poder a matriarca do clan. Algunhas das súas cuñadas —todas mulleres porque os sete fillos da avoa naceran homes— envexaba para os seus adentros aquel nivel de independencia, malia que se soubese da humildade lindante coa pobreza en que vivía o casal.

De todos os xeitos, non duraron moito entre os Pereira os ruxerruxes sobre o seu comportamento antisocial, porque a tía Rosa morreu moi nova, aínda non cumpridos os trinta e tres, no parto da súa segunda filla, a prima Encarna. O tío Seso, home tamén de non moitas falas, aguantou resignado un par de anos máis no seu traballo rutineiro co serrón e a garlopa, até que un bo día apareceu pola mañá cedo na casa da avoa para lle encomendar as dúas fillas, e sen llo dicir a

ninguén máis, colleu as maletas e marchou para terras catalás, a traballar como encofrador na construción, que disque por alí había moito choio e que o pagaban moi ben. Xusto coincidindo coa marcha do tío Seso, desapareceu da súa casa unha moza da vila, algúns anos máis nova ca el, que como toda despedida deixou unha nota escrita sobre a mesa da cociña. A partir daquel momento, e en palabras da inmisericorde avoa Carme, aquela moza, Lela, Manuela de nome, viviu co tío Seso en pecado, amigados era o eufemismo que usaba cando os máis pequenos estabamos presentes na conversa. Concha, que xa fixera ben os trece anos, e Encarna, cos seus escasos dous, pasaron a vivir e a depender a partir dese día de Mamá Carme, que así foi como se fixo chamar a avoa desde entón.

Foi por aquel tempo, quizá xa antes da fuxida do pai para a emigración, cando Concha comezou a dar cumpridas mostras do seu natural indómito. Poida que a morte da nai acelerase o seu aquel de rapaza inadaptada e inconformista, á marxe das pautas e das convencións sociais, corroborando en todo caso as opinións que sobre ela se estaban xa a forxar na familia. Ou igual foi ao revés, e os comentarios que ela puido cazar coma nós, ao voo, o único que fixeron foi reafirmala cada vez máis e empurrala cara a actitudes hostís e antigregarias e a comportamentos agresivos, desafiantes sempre con calquera orde establecida. Ou acaso fose unha mestura de todo xunto. A saber.

O escolar foi o primeiro ámbito en que había de aflorar con virulencia o seu particular magma volcánico. Despois de

comprender que de D^a Remedios non ía tirar máis nada de proveito que aquela ladaíña de números, as escasas e parciais regras da escrita e, como moito, de cando en vez, unhas mazás reinetas que traía a mestra da súa horta, a prima Concha decidiu reducir a súa comparecencia escolar ás escasas ocasións en que lle petaba, que ser eran máis ben poucas, cando se aborrecía sen saber que facer ela soa naquela vila escasa case sempre de divertimentos e emocións para os máis novos.

Erguíase pola mañá cedo, arrincada da cama non sen esforzo por Mamá Carme, e, aínda que rosmando polo baixo, saía da casa como o resto da rapazada para ir á escola. Con todo, no medio do camiño mudaba de rumbo e aproaba para o monte, onde se agachaba nunha cabana, elevada á media altura dun carballo e que só compartía co selecto grupo dos máis achegados. Naquel ambiente solitario e agreste pasaba o tempo fumando, cazando paxaros con trapelas que argallaba ela mesma con mestría, ou despeizando saltóns, ou metendo grilos nunha caixa para ver como se comían uns aos outros, ou preparando tiratacos para os combates cos rapaces das aldeas de arredor.

Mamá Carme sufría na súa prezada autoridade por tal cúmulo de indisciplina, mais as poucas forzas que lle ían quedando á vella gastábaas todas en tirar da neta pequena, unha flor de dozura e delicadeza, en contraposición á súa montaraz e indomábel irmá maior. Certo grao de consentimento e mesmo comprensión pola situación de orfandade facía o resto, e se o de Concha nunca fora adaptarse a sistemas e horarios, menos aínda ía facelo aos ditados caprichosos dunha muller como D^a Remedios que, con escuálida preparación e enten-

dedeiras manifestamente limitadas, preocupábase máis en manter a caterva en estrito silencio que en facer algo bo dela naquelas soporíferas sesións en que o máis importante era a disciplina despótica da que só as moscas tiñan posibilidade de obter licenza e gozar do libre albedrío. Os castigos coa regra plana de madeira ou coa vara verde de abeleira constituían o argumento máis convincente que adoitaba esgrimir. A dela era unha escola de formación en paciencia, resignación e obediencia castrense. E non, con Concha non podía ir ben aquilo.

Unha tarde, das poucas en que a prima Concha se deixara ver por alí naquel comezo de curso, a mestra permaneceu ao quite e chamouna á palestra xunto a catro rapaces máis, casualmente tamén repetidores veteranos coma ela, para facer un de tantos repazos da táboa do nove. Como queira que ningún dos cinco fora quen de repetir de cor aquela ladaíña de números, vareounos con saña nas xemas dos dedos que, postos por xunto, a modo de ramallo delicado, cumpría brindarlle a escasa distancia de onde ela, coa lingua de fóra, apuntaba medindo ben o percorrido, a velocidade e o grao de contundencia dos regrazos. Os dedos de máis de un, arrubia-dos polos impactos, aquel día sangraron pola xunta das uñas.

Parece ser, segundo me informou Carlos, un dos rapaces presentes naquela refrega, que coa prima Concha se asañou aínda máis que co resto, aínda que ela soportase as batidas daquela regra sen un queixume, sen unha protesta, a pesar da concentración sádica do rostro da mestra e da virulencia con que inflixía o castigo. Nin un laio, nin un lamento, cos ollos cravados no rostro arredondado, grosso e mol de D^a Reme-

dios. Só aquelas bágoas grosas de xenreira e raiba contida a caeren polas súas fazulas abaixo, a gotexaren no chan.

A gotexaren no chan, como as pingas da boca da lata de gasolina, xa baleira, que esa mesma noite caeron sobre o piso de madeira antes de que a morea de pupitres concentrados no medio da aula ardese co misto que disque, seica, parece ser, ou polo menos iso é o que aseguran todos, ela lle botou.